

ANEXO III

Don/Dona			, con
DNI		, pai, nai ou titor do/a alumno/a	
<p>outorga a súa autorización para que participe na actividade do programa denominado Rutas Literarias, organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Ministerio de Educación, e manifesta o seu coñecemento de que, no caso de se producir algún incidente que aconsellase a interrupción do programa, poida regresar ao seu domicilio antes da data prevista.</p>			
(data e sinatura)			
<i>Lugar e data</i>			
		, de	de 20

ANEXO IV

Obxectivos xerais.

1. Descrición do programa. O Programa Rutas Literarias é un recurso educativo pensado para alumnos de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria que pretende complementar a formación que se imparta na aula por medio da realización dunha ruta literaria. Con el, á vez que se potencia e consolida o hábito lector da poboación escolar, posibilitase que se coñeza e aprecie a riqueza cultural, natural e lingüística do noso territorio.

2. Obxectivos. Serán obxectivos prioritarios, entre outros:

-Suscitar nos alumnos unha actitude de aprendizaxe permanente, tanto dentro como fóra da aula.

-Desenvolver o hábito lector como fonte de aprendizaxe, coñecemento e desenvolvemento persoal.

-Coñecer os aspectos básicos da diversidade cultural, natural e social co fin de poder valoralos e respectalos.

-Apreciar e disfrutar co pracer que dá a lectura e a posibilidade de recreala vivencialmente.

-Fomentar a convivencia entre os diferentes grupos que comparten a actividade e o traballo en equipo.

3. Aspectos de deseño e metodoloxía. O programa desenvólvese seguindo unha ruta literaria que xira arredor dun libro, personaxe e/ou autor relevante sobre o que se traballará previamente nos centros. Isto dará a pauta para coñecer *in situ* os lugares que serviron de inspiración ou guiaron a narración lida; ou ben os pobos e cidades das comunidades visitadas relacionadas cos autores e persoeiros sobre os que se afondou, así como outras riquezas culturais, sociais e naturais que caracterizan a comunidade.

Orde do 23 outubro de 2009 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2010.

As escolas viaxeiras cumpren unha función importante ao facilitarlles aos alumnos a posibilidade de realizaren múltiples actividades de tipo formativo-cultural fóra do medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ao seu, que lle vai propiciar unha maior convivencia e cooperación co profesor e outros compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ao coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historias e recursos.

Con base no acordo subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actúa como entidade colaboradora co Ministerio de Educación, e co fin de permitirlles aos alumnos galegos de educación primaria o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.

1. Convocar 540 axudas (36 grupos) destinadas a alumnos que no momento de formularen a solicitude estean cursando 4º, 5º e 6º de educación primaria en centros de réxime xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, para participaren na actividade das escolas viaxeiras.

2. As escolas viaxeiras levaranse a cabo nas datas comprendidas entre o 14 de marzo e o 6 de xuño (primeira quenda) e entre o 26 de setembro e o 5 de decembro (segunda quenda) de 2010.

3. O alumnado participante integrarase en grupos de quince (15), que irán acompañados dun/unha profesor/a do seu centro, preferiblemente o/a titor/a correspondente. En cumprimento do establecido na orde da convocatoria marco que se publica no BOE, non poderán viaxar grupos que contén cun número de alumnos/as inferior a doce (12).

Segundo.-Cada grupo de quince alumnos/as percorrerá, xunto con outros dous grupos similares doutras comunidades, unha das rutas relacionadas no anexo I, ao longo dunha semana, iniciándose o seu percorrido segundo as instrucións que no seu día a coordinación desta comunidade autónoma determine.

Terceiro.-As axudas a que se refire esta orde comprenderán:

a) O transporte desde a localidade onde está situado o centro escolar para un total de 15 alumnos e un profesor ata a cabeceira de ruta (lugar onde está situada a residencia), de acordo cos seguintes módulos de distancia en quilómetros (ida e volta). Unha pequena parte desta axuda poderá dedicarse á preparación pedagóxica da actividade.

Menos de 500 km: ata un máximo de 1.090 €.

Entre 501 e 1.000 km: ata un máximo de 1.630 €.

Entre 1.001 e 1.500 km: ata un máximo de 2.020 €.

Entre 1.501 e 2.000 km: ata un máximo de 2.410 €.

Entre 2.001 e 2.500 km: ata un máximo de 2.940 €.

Máis de 2.500 km: ata un máximo 3.480 €.

Centros que percorran as rutas das Illes Balears, Canarias e Melilla: ata un máximo 4.960 €.

b) Os gastos de aloxamento e manutención nos centros de acollida.

c) Os gastos de transporte por estrada correspondentes ao percorrido de cada ruta.

d) A cobertura de riscos durante o período de duración das escolas viaxeiras.

Cuarto.-Os/as profesores/as acompañantes (un por cada grupo de 15 alumnos/as) que terán que ser necesariamente os titores ou, se é o caso, profesores/as dos que habitualmente imparten clase ao grupo de alumnos/as, disporán de transporte e aloxamento gratuítos en termos similares aos indicados para o alumnado, beneficiándose, igualmente, da cobertura de riscos durante o período de duración das escolas viaxeiras.

Os devanditos profesores acompañantes serán os responsables da elaboración do anteproxecto de actividades que se menciona no punto seguinte.

Así mesmo, e no caso de seren seleccionados, prepararán cos/as alumnos/as os itinerarios da ruta que van realizar, e serán orientados en función dos obxectivos específicos que cada grupo pretenda conseguir e de acordo cos materiais e orientacións que reciban desde a coordinación, para que os alumnos elaboren un breve caderno de traballo, que utilizarán durante o desenvolvemento da actividade.

Quinto.-Os/as directores/as dos centros onde haxa alumnos/as que desexen participar enviaránlle a solicitude, axustándose ao modelo establecido no anexo II desta orde, ao departamento territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Datos dos alumnos solicitantes e autorización do pai, nai ou titor (anexo III).

b) Anteproxecto de actividades que se van realizar en relación coa programación do centro e cos obxectivos xerais que figuran no anexo IV.

c) Relación de alumnos/as e profesor/a acompañante participantes na actividade (anexo V).

d) Aprobación do Consello Escolar do centro, se se trata de centros públicos ou privados concertados, ou do órgano colexiado que o substitúa, no caso dos centros privados non concertados. A aprobación deberá referirse tanto á realización da actividade como á relación de alumnos/as participantes.

Sexto.-O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétimo.-En cada provincia constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que estará presidida polo xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue e integrada, en calidade de vogais, por:

-Un inspector de educación (nivel de educación primaria).

-Dous directores de colexios de educación primaria, un do sector público e outro do sector privado.

-Dous pais ou representantes legais de alumnos, un do sector público e outro do sector privado.

-Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario do departamento territorial.

Todos eles serán designados polo xefe territorial.

Oitavo.-As comisións provinciais reuniranse no prazo máximo de quince días naturais, unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, e procederán a valoralas, tendo en conta as características socioeconómicas da zona onde está situada o centro docente, co fin de darlles preferencia aos alumnos con menores oportunidades de dispoñer doutras ofertas por razóns económicas, culturais ou ambientais e, en particular, aos procedentes de zonas rurais, arrabaldes ou suburbios.

Así mesmo, terase en conta se o centro participou nesta actividade en anos anteriores, co fin de posibilitar a participación dos centros que non o fixeron.

Cada comisión provincial elaborará unha relación de centros solicitantes, por orde de preferencia, en función dos criterios de valoración sinalados e remitirla de inmediato á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Noveno.-A proposta de selección será realizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través dunha comisión constituída con tal fin e con base nas propostas das comisións provinciais, tendo en conta que os grupos de alumnos de 4º, soamente poderán participar na segunda quenda, os

de 6º na primeira e os de 5º en ambas as dúas quendas.

O prazo máximo para elaborar a proposta será de tres meses, contado a partir da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria; considerandoas desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo sinalado neste parágrafo.

Contra a proposta de centros seleccionados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderase interpoñer reclamación, no prazo máximo de 10 días naturais, segundo o disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Décimo.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Ministerio de Educación, efectuará o seguimento e a avaliación global do programa de escolas viaxeiras; por iso, os centros participantes, a través do/a profesor/a acompañante coa colaboración do grupo de alumnos/as, enviaranlle á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con posterioridade ao percorrido da ruta e nun prazo máximo dun mes desde a súa finalización, unha memoria de avaliación da actividade, por exemplar triplicado, cunha extensión non superior a 10 folios, en formato DIN A-4.

Décimo primeiro.-A memoria de avaliación a que se refire o punto anterior constará das seguintes partes:

a) Recollerá os obxectivos da escola viaxeira, as características do grupo, as actividades programadas e os mecanismos e avaliación dos resultados, así como a relación nominal de alumnos/as e profesor/a participantes na actividade.

b) Diario da viaxe no cal se anotará de modo secuencial o desenvolvemento das actividades e a súa dedicación aos obxectivos propostos.

c) Avaliación dos resultados; reflectirá non só os coñecementos adquiridos polo grupo durante o desenvolvemento da escola viaxeira, senón tamén e fundamentalmente, as actitudes suscitadas nos alumnos no contacto con outras culturas, a súa capacidade para participaren na vida das comunidades visitadas e o nivel de análise crítica e elaboración de alternativas ante os problemas locais, alcanzados polo colectivo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar todas as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I **Catálogo de rutas**

* Ruta de Andalucía Occidental.

-Resumo de contidos:

Comarca dos Pedroches: industria alimentaria COVAP (Pozoblanco). Montoro. Fábrica de aceite e mel. Baeza (Patrimonio da Humanidade) e Jaén. Córdoba: Patrimonio da Humanidade. Conxunto arqueolóxico de Madinat Al-zahara. Alcázar. Paseos vivos por Córdoba. Xudaría e sinagoga. Córdoba: Patrimonio da Humanidade. Mesquita. Alcázar dos Reis Cristianos. Sevilla: Catedral, Giralda, Reais Alcázares, Barrio de Sta. Cruz, Praza de España e Parque de María Luisa. Parque natural da Serra de Cardeña e Montoro: encoro de Tejoneras e Aldea del Cerezo.

Aloxamento: Residencia Escolar M. Careaga e C. de Mora, Doctor Fleming, 1; 14445-Cardena (Córdoba). Teléfono: 957 19 96 77.

Número de grupos: primeira quenda: 0 , segunda quenda: 2.

* Ruta de Andalucía Oriental.

-Resumo de contidos:

El Ejido: cultivos intensivos baixo plástico. Visita á empresa Crisol-Agro. Conxunto arqueolóxico dos Millares. Níjar e a súa artesanía. Paraxe natural Karts en xesos de Sorbas. Covas e centro de interpretación. Mojácar e Garrucha. Granada: Parque das Ciencias, A Alhambra, O Xeneralife, Pazo de Carlos V. Parque natural de Cabo de Gata: as Amoladeras e Xardín Botánico. San José. Almería: praza do Concello, catedral, centro da cidade e Alcazaba. Deserto de Tabernas.

Aloxamento: Residencia Escolar Carmen de Burgos. Estrada de Níjar, km 7, Almería. Teléfono: 950 15 61 82.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 0.

* Ruta de Cataluña.

-Resumo de contidos:

A industria de transformación agrícola: visita a unhas cavas. O Val de Nuria. A montaña de Monserat. Barcelona: O Palau da Generalitat, a Sagrada Familia, o Parque Güell, a Rambla, o zoolóxico, os museos e o porto.

Aloxamento: Albergue Torre Ametller, Veïnat de Santa Elena d'Agell, Cabrera de Mar (Maresme). Barcelona. Teléfono: 937 59 44 48.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 1.

* Ruta de Navarra.

-Resumo de contidos.

Vales pirenaicos: Roncal e Baztán. Camiño de Santiago: Puente la Reina e Estella. Pamplona capital. Ribeira tudelana e Bardenas.

Aloxamento: Centro Puente, estrada Señorío de Sarriá s/n, 31100 Puente la Reina (Navarra). Teléfono: 689 70 18 36.

Número de grupos: primeira quenda, 2, segunda quenda: 2.

* Ruta de Aragón.

-Resumo de contidos:

A Comunidade Autónoma e a súa organización. A auga. O Ebro, pasado, presente e futuro. O medio físico, desenvolvemento sustentable. O medio rural: as súas diferentes formas de vida. Folclore, costumes e tradicións.

Ruta de primavera: Huesca e provincia: un paseo pola cidade, pobos abandonados, parque nacional de Ordesa e Monte Perdido. Zaragoza e provincia: Zaragoza monumental e beleza naturais.

Ruta de outono: Teruel e provincia: Teruel Mudéjar, Albarracín (cidade; monumento nacional), paleontoloxía. Zaragoza e provincia: Zaragoza monumental e beleza naturais.

Aloxamento: Residencia actividades de alumnos. Venta del Olivar, praza Maior s/n, Barrio da Venta do Olivar. 50011 Zaragoza. Teléfono: 976 34 11 33.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 2.

* Ruta de Toledo.

-Resumo de contidos:

Toledo capital, institucións. O seu contorno natural e cultural. Aula da Natureza. El Borril. Parque Arqueolóxico de Carranque. La Mancha: ruta cervantina: Consuegra, El Toboso e Esquivias. Toledo artístico, cultural e monumental.

Aloxamento: Albergue Castelo de Layos, r/ Conde de Mora, 14, 45123 Layos. Teléfono: 925 37 65 85.

Número de grupos: primeira quenda: 0, segundo quenda: 2.

* Ruta de Burgos.

-Resumo de contidos:

Percorrido urbano I: Atapuerca, industria, mosteiro de Las Huelgas. La Bureba: Briviesca, Frías, Oña e Poza de la Sal. La Ribera: Sas de los Infantes, Peñaranda del Duero.

Percorrido urbano II: catedral, senda da natureza, núcleo histórico e ruínas do Castelo de Burgos. Val do Arlanza: Lerma, Covarrubias, La Yecla.

Aloxamento: Escola Fogar de Fuentes Blancas. Burgos. Teléfono: 947 30 03 28.

Número de grupos: primeira quenda: 0, segunda quenda: 1.

* Ruta de Salamanca.

-Resumo de contidos:

Salamanca monumental. Base aérea de Matacán. Centro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (*Fundación Germán Sánchez Ruipérez*). Terras de Abadengo (Lumbrales e Castelo de San Felices de los Gallegos) e Las Arribes del Duero (Saucelle). Ruta da Prata. Béjar (Museo Mateo Hernández) e Candelario. A Alberca (casa do parque das Batuecas, centro de interpretación das Batuecas e Casa Albercaza). Ciudad Rodrigo (visita monumental e

Centro de Interpretación das Fortificacións da Fronteira).

Aloxamento: Escola Fogar de Santa Marta de Tormes (Salamanca). Teléfono: 923 20 02 21.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 1.

* Ruta de Soria.

-Resumo de contidos:

Berlanga de Duero, San Baudelio, Tajueco, Gormaz. Soria. Numancia, Vinuesa, Laguna Negra. Cañón del río Lobos, Burgo de Osma. San Esteban de Gormaz. Almazán, Medinaceli.

Aloxamento: Escola Fogar Nosa Sra. del Campanario de Almazán (Soria), estrada de Madrid s/n, 42200 Almazán. Teléfono: 975 30 03 28.

Número de grupos: primeira quenda: 2, segunda quenda: 1.

* Ruta de Extremadura.

-Resumo de contidos:

Cáceres: Patrimonio da Humanidade. Alcántara: a produción hidroeléctrica de Extremadura. Mérida: capital románica e autonómica. Plasencia e Parque Natural de Monfragüe. Guadalupe e Trujillo: Extremadura e América.

Aloxamento: IES Universidade Laboral (casitas). Avda. da Universidade s/n, 10004 Cáceres. Teléfono: 927 00 48 82.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 2.

* Ruta de Madrid.

-Resumo de contidos:

A Serra: parque rexional de Manzanares. El Real, San Lorenzo de El Escorial. Museo do Prado, Madrid dos Borbóns. Os transportes: o metro. Medios de comunicación audiovisuais. Parque zoolóxico. Visita a unha vila da comunidade. Visita a unha industria. Aeroporto de Barajas. Cosmo Caixa Parque do Retiro. Madrid dos Austrias.

Aloxamento: Centro de Intercambios Escolares. Estrada de Colmenar Viejo, km 12,800. Teléfono: 913 72 12 84 e 917 34 27 00, extensión: 223.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 2.

* Ruta de Murcia.

-Resumo de contidos:

Agricultura intensiva e industrias derivadas e enerxías renovables na Rexión de Murcia: Visita ao alcouve El Jimenado e ao Centro de Capacitación Agraria (CIFEA) e a unha industria de transformación en Torre Pacheco. Taller sobre o cambio climático e as enerxías renovables no CEMACAM.

Patrimonio cultural e ambiental de Cartagena e comarca: Museo Arqueolóxico Municipal e percorrido pola cidade (teatro romano e muralla bizantina). Asemblea Rexional. Percorrido pola Bahía Portman e visita ao Museo Mineiro da Unión.

A auga e a horta: coñecemento do río Segura: percorrido de itinerario ambiental polo río Segura e as norias de Abarán (sistemas tradicionais de rega). O trasvase Taxo-Segura e a Casa da auga no encoro de Santomera. Curso de vela e piragua.

Patrimonio cultural de Murcia: visita ao Museo Salzillo. Museo da Ciencia e a Auga, percorrido pola cidade (catedral). Curso de vela e piragua (continuación).

O Mar Menor: suba ao monte El Carmolín nos Urrutias. Percorrido en barco polo Mar Menor.

Aloxamento: Centro de Alto Rendemento Infanta Cristina. Avda. Mariano Ballester, 2 Os Alcázares. Teléfono: 968 57 51 89.

Número de grupos: primeira quenda: 0, segunda quenda: 1.

* Ruta de La Rioja.

-Resumo de contidos:

Camiño de Santiago: Logroño, Navarrete, Nájera, Sto. Domingo de la Calzada. Mosteiros de Suso e Yuso. Patrimonio da Humanidade. Briones. Haro: bodegas. A ribeira do Ebro: Calahorra: mercado das verduras e museo municipal. Arnedo: Museo Municipal de Ciencias Naturais. A serra de Cameros: Parque Natural da Sierra Cebollera: Villoslada de Cameros e Lomos de Orios. Ortigosa de Cameros.

Aloxamento: IES La Laboral, avda. de La Rioja nº 6, 26140 Lardero (La Rioja). Teléfonos: 941 44 96 52 e 941 44 97 52.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 1.

* Ruta de Illes Balears.

-Resumo de contidos:

Palma: a cidade e os seus monumentos: historia, arte, costumes, lugares singulares. As comarcas físicas de Mallorca: LLevant, Pla, Es Raiguer, Tramuntana e Migjorn; coñecendo a agricultura, a industria, o turismo, os medios de transporte e o medio natural.

Aloxamento: Albergue da Praia de Palma. R/ Costa Brava, 13, 07610 Palma de Mallorca. Teléfono: 971 26 08 92.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 0.

* Ruta de Euskadi.

-Resumo de contidos:

Vitoria Gasteiz e a chaira Alavesa: Vitoria Gasteiz, capital institucional, a gran descoñecida e modelo da cidade de desenvolvemento sustentable. Bilbao e a súa zona de influencia: cidade industrial, o contorno da ría e o turismo. Donostia-San Sebastián: capital turística, importancia da paisaxe urbana. Guernika e a ría de Mundaka: achegamento aos símbolos históricos do País Vasco. O mar e a súa influencia no sector pesqueiro. Reserva da biosfera. Vitoria Gasteiz: a cidade e o seu trazado urbanístico; planificación e servizos.

Aloxamento: Residencia Carlos Abaitua. R/ Escultor Díez s/n, 01007 Vitoria. Teléfono: 945 14 81 15.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 2.

* Ruta de Gran Canaria.

-Resumo de contidos:

Norte-noroeste da illa: San Lorenzo. Tamaraceite. Tenoya. Arucas (visita igrexa de S. Xoán Bautista). Empaquetado de plátanos. Cenobio de Valerón. Costa de Sta. María de Guía, Gáldar. Agaete. Porto pesqueiro de Las Nieves (baño na praia).

Leste-norte da illa: núcleo histórico da Vila de Agüimes: Centro de interpretación de San Antón, Iglesia de S. Sebastián. Xardín botánico de Viera y Clavijo. Museo de la Ciencia.

Sur da illa: Dunas de Maspalomas. La Charca. El Palmeral. Playa del Inglés (baño).

Centro-norte da illa: núcleo antigo da cidade de Las Palmas de Gran Canaria: Vegueta e Triana. Paseo pola praia de Las Canteras (baño).

Zona de cume: Cumes de Gran Canaria. Santa Brígida. San Mateo. Cruz de Tejada. Roque Nublo. Valleseco. Teror. Las Palmas.

Aloxamento: Residencia Escolar Las Palmas, Estrada Lomo Blanco, 44; 35017 Las Palmas de Gran Canaria. Teléfono: 928 35 02 76/35.

Número de grupos: primeira quenda, 0; segunda quenda, 0.

* Ruta da Comunidade Valenciana.

-Resumo de contidos:

Sagunto: castelo e teatro romano. Valencia: centro histórico. El Saler e La Albufera. Alicante. Benidorm. Valencia metrópole, cidade das Artes e as Ciencias, visita ao castelo de Peñíscola e as grutas de San José na Val D'Uixó.

Aloxamento: complexo educativo de Chestre, estrada Chestre-Valencia, s/n Chestre 46380. Teléfono: 962 52 55 01.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 1.

* Ruta de Tenerife.

-Resumo de contidos:

-Norte/noroeste da illa: Xardín de aclimatación das especies. A Orotava. Pueblochico. Icod dos Viños. O Drago.

-Leste/norte da illa: Loro Parque (estudo dos seres vivos: plantas e animais), Puerto de la Cruz.

-Suroeste da illa: Candelaria: patrona do arquipélago. San Andrés. Praia das Teresitas. Cidade de La Laguna (Patrimonio da Humanidade).

-Norte da illa: Anaga: Monte das Mercedes. Museo da Ciencia e o Cosmos. Cidade de Santa Cruz de Tenerife (a capital das illas).

-Norte/suroeste: Centro de Visitantes do Portillo. Parque Nacional das Cañadas do Teide. Os Cristianos: praia das Vistas.

Aloxamento: Residencia escolar Pedro García Cabrera, Avda. M. Lora e Tamayo, 2, 38207 A Laguna. Teléfono: 922 26 45 65.

Número de grupos: primeira quenda: 1, segunda quenda: 0.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS A ESCOLAS VIAXEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED502A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN DO CENTRO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	NÚMERO DE ALUMNOS/AS QUE COMPOÑEN O GRUPO	CURSO A QUE PERTENCEN	
<input type="text"/>	Nº ALUMNOS <input type="text"/> Nº ALUMNAS <input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO PROFESOR ACOMPAÑANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Nº DE REGISTRO PERSOAL (se é o caso)		ÁREA E CURSO EN QUE IMPARTE AS SÚAS ENSINANZAS	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

	RUTAS EN QUE DESEXA PARTICIPAR O CENTRO, POR ORDE DE PREFERENCIA	DISTANCIA EN KM (IDA E VOLTA, DESDE A LOCALIDADE DO CENTRO ATA A CABECEIRA DE RUTA)
1.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Participou o centro nesta experiencia con anterioridade? NON SI ANO:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Quen abaixo asina DECLARA que autoriza a consellería para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referídoas ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a consellería para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 23 de outubro de 2009 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2010.</i>
SINATURA DO/A DIRECTOR/A DO CENTRO <i>Lugar e data</i> , de de 20

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	<input type="text"/>
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ___/___/___
	DATA DE EFECTOS ___/___/___
	DATA DE SAÍDA ___/___/___

ANEXO III

DATOS DO SOLICITANTE

NOME <input type="text"/>		APELIDOS <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>			PROVINCIA <input type="text"/>
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	IDADE <input type="text"/>
ESTUDOS QUE CURSA <input type="text"/>			
CENTRO EN QUE CURSA OS SEUS ESTUDOS <input type="text"/>			

Participou nesta experiencia con anterioridade?

SI NON

Lugar e data

, de de 20

AUTORIZACIÓN PATERNA

Don /Dona

Pai / nai / titor de

outórgalle a súa autorización para que participe na actividade de escolas viaxeiras organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Ministerio de Educación.

(Data e sinatura)

Lugar e data

, de de 20

*ANEXO IV***Obxectivos xerais**

-Lograr un adecuado nivel de coñecementos e comprensión integral da comunidade visitada, as súas xentes e costumes, as súas terras, a súa historia e os seus recursos.

-Fomentar a convivencia e cooperación entre os alumnos, aceptando as diferenzas culturais e lingüísticas dos diferentes grupos, e potenciando o desenvolvemento das capacidades individuais.

-Crear hábitos e actitudes positivas na defensa e conservación do ambiente e do patrimonio, comezando polo contorno cotiá dos alumnos.

-Procurar o desenvolvemento e a utilización dunha metodoloxía activa e participativa de profesores e alumnos, e o intercambio de experiencias singulares, en relación coa ruta.

-Ampliar, desde o punto de vista didáctico, o ámbito de actuación da escola mercé á investigación e ao deseño de novas situacións de aprendizaxe, extensivas a antes e despois da realización da ruta.

Aspectos previos.

-A escola viaxeira é, ante todo, escola. Ofrécelle ao profesor a posibilidade de participar no deseño e experimentación de novas situacións de aprendizaxe, parte dun modelo docente baseado no seu protagonismo como figura activa do propio currículo, concibido como unha realidade flexible e xeradora dos seus propios contidos.

-O desenvolvemento da personalidade nas súas dimensións individual e social e o de actitudes e hábitos de cooperación, apertura cara a formas novas de participación responsable ou a formación do espírito creativo e sentido crítico ante os estímulos do medio. E tamén ao que fai referencia a unha escola non homoxeneizadora, que valore e procure desenvolver as peculiaridades do individuo e do seu estilo persoal e social, favorecendo a convivencia rexional.

-Contribuír a que a acción formativa se inspire no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España, a través do coñecemento e comprensión, precisamente, dos distintos pobos que a constitúen, e da convivencia, ao mesmo tempo, entre alumnos de distintas procedencias.

-Unha nova lectura da realidade que deberá de repercutir de forma positiva nos centros, e que se traduce nunha consideración do medio non como algo separado e distinto do suxeito, senón como o espazo de relacións de toda índole que este estable-

ce, e no que interveñen todos os procesos de comunicación e interacción.

Aspectos de metodoloxía e deseño.

-O esquema metodolóxico que máis claras referencias pode ofrecer ao profesor a cargo dos grupos é o que relaciona os principais axentes educativos, humanos e materiais, que concorren na actividade e nunha primeira aproximación.

-O profesor, en primeiro lugar, como responsable dos alumnos ao seu cargo, deberá desenvolver os.

obxectivos específicos do seu proxecto de participación, adecuándoos aos obxectivos xerais da ruta establecida pola coordinación.

No ámbito técnico velará para que os seus alumnos asistan provistos da documentación e equipamento necesarios.

-O coordinador, como garante dos propósitos educativos e pedagóxicos da experiencia, establecerá os mecanismos e recursos necesarios para a consecución, por unha banda, dos ditos propósitos e, por outra, das expectativas contidas no proxecto de cada un dos grupos participantes. Realizará para isto a posta en común pertinente ao inicio da experiencia e outras máis específicas no curso do seu desenvolvemento.

-O axudante de coordinación levará a coordinación a un nivel máis concreto de actividades e visitas, de acordo coa proposta de ruta e coas previsións didácticas que se establecesen entre os grupos. No ámbito técnico velará pola normal secuenciación das actividades e os aspectos que, en xeral, lle sexan asignados pola coordinación.

-O alumno é o verdadeiro protagonista da actividade. É necesario conseguir a súa participación activa a través dos recursos (caderno de campo e outros) máis apropiados, tanto desde o punto de vista social e convivencial coma do desenvolvemento das súas capacidades individuais.

-Os recursos, como elemento clave no deseño, partindo dos máis próximos ao ámbito de formación do alumno (importancia dos recursos do propio centro de procedencia) e dos propios da comunidade visitada. A infraestrutura (residencia, transporte, etc.) como recurso ao servizo da actividade.

-O ámbito de desenvolvemento da experiencia máis alá da súa realización práctica, e que se estende aos centros de destino dos grupos. Importancia da avaliación e o seguimento, posteriormente dos diferentes aspectos e contidos que se desenvolveron. A memoria, como reflexión xeral sobre as expectativas e logros da actividade.

ANEXO V

RELACIÓN DE ALUMNOS:

Nº DE ALUMNOS:

Nº DE ALUMNAS:

	APELIDOS E NOME	CURSO	TELÉFONO DE CONTACTO
1.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
7.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
8.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
9.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
10.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
11.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
12.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
13.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
14.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
15.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOTA.- Debe indicarse se algún alumno/a presenta problemas de tipo físico, psíquico ou sensorial. En calquera destes casos deberá especificarse o seu grao de minusvalidez.

Lugar e data

, de de 20

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO

(sinatura e selo)